

CONFÍRMASE O PECHE DA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN PSIQUIÁTRICA DO HOSPITAL GIL CASARES DE SANTIAGO

Co eufemismo “bloqueo de camas” confírmase a intención do SERGAS de pechar as 21 camas de hospitalización psiquiátrica de agudos no Hospital Gil Casares. Séguense a reducir os recursos asistenciais na Área de Santiago, continuando co xa iniciado desmantelamento do H. Psiquiátrico de Conxo. Este peche **anuncia a desaparición desa Unidade de Hospitalización**, aínda máis necesaria agora, ante o deterioro da saúde mental que se está a dar como consecuencia da xestión da crise, do empobrecemento de amplios sectores da poboación, e da ausencia de futuro para moitas persoas. **Pechar as camas do H. Gil Casares é reducir dun só golpe o 40% das camas da Área Sanitaria de Santiago**, e déixaa moi por debaixo dos mínimos propostos nos plans de saúde mental.

Argumentan que a súa ocupación nos pasados meses foi moi baixa (un 50%), como consecuencia da redución dos tempos de estancia dos pacientes ingresados e do menor número de ingresos. **Ese dato é falso**. Máis grave é que non se fala das repercusións negativas que esa redución do número e duración de ingresos teñen sobre o alcance dos beneficios terapéuticos conseguidos, a seguridade dos pacientes no momento de ser dados de alta e as complicación sobre a evolución posterior do proceso clínico. Tamén se cala que a prohibición de ingreso de persoas en crise psíquica a miúdo e froito de **presións para que se restrinxa o acceso á hospitalización**, frenando en portas de urxencias a pacientes quen se verán obrigados a volver repetidas veces para recibir aquilo ó que teñen dereito. Ademais sabemos que **non se reducen os ingresos involuntarios urxentes nos veráns**. Tamén é públicamente coñecido que **os datos de saúde mental da poboación empeoraron** sensiblemente.

Dín os dirixentes sanitarios que os responsables de altas e ingresos son os facultativos, que teñen a capacidade de decisión, e **isto é certo**. Tamén din que os facultativos non reciben presións, e **iso é falso**. Ante a decisión dun posible ingreso, como ante calquera tratamento, os facultativos deben optar por **seguir criterios médicos e atender as necesidades sanitarias dos pacientes, facer valer a súa independencia nas súas decisións clínicas, base da súa responsabilidade ética e legal, e non aceptar as presións** que queren convertilos nos executores da denegación e recorte da asistencia sanitaria indicada.

¿Sobre que datos, que gardan os dirixentes sanitarios para sí, se están a tomar as decisións?.
¿Sobre os datos de ocupación de camas nuns poucos meses, e por riba incertos e trampeados na súa orixe?.

Non aceptamos **nin unha soa redución de recursos en saúde mental**. **Hoxe rexeitamos sen ningunha dúbida o peche de camas no Hospital Gil Casares**. Nin un só día, nin unha soa cama. Estaremos do lado do dereito á protección da saúde, poñéremonos en contra das accións que recorten os recursos sanitarios de todos e con iso poñan en risco a saúde da poboación. Manteremos **a atención sobre futuras convocatorias de protesta** fronte a plans tan inxustos.

En Santiago a 9 de maio de 2014

MOVIMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL